Premios extraordinarios bacharelato

Información importante para a realización da proba

As persoas convocadas aos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2024-2025 deberán ter en conta as seguintes indicacións:

- Para realizar a proba é imprescindible acreditar a identidade mediante **DNI ou pasaporte.**
- Unicamente se poderá utilizar **bolígrafo con tinta indeleble azul ou negra.** Prohíbese o uso de típex.
- Para os exercicios de **matemáticas** débese levar **calculadora** non programable e sen capacidade gráfica.
- Para o exercicio de **Latín II** débese levar **dicionario latín-español/galego**, que pode ter apéndice gramatical, pero non páxinas de contidos literarios.
- Para o exercicio de **Debuxo Artístico II** débense levar os seguintes materiais:
  - Polo menos **dúas láminas A3 de gramaxe 130** como mínimo.
  - **Lapis de grafito** de diversas durezas ou **carbón prensado.**
  - Materiais de escolla propia para **técnica libre seca (cor)**.
  - Spray **fixador**, aínda que unicamente pode empregarse, por parte do tribunal, no momento de entrega das láminas.